



## **CONCELLO DE POIO**

**Ref: MC**

**(Secretaría)**

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS DEZANOVE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E NOVE DE XUÑO DE DOUS MIL QUINCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e nove de xuño de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros Xulio Barreiro Lubián, Silvia Díaz Iglesias, Xosé L. Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, Angel Moldes Martínez, Rocío Cochón Castro, Natividad Torres Balea, Juan J. Rodríguez Grandal, Manuel Domínguez Álvarez, Marcial García Freijeiro, M<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez e Rosa Fernández González; escusan a non asistencia a Interventora Municipal Olga Fernández Rodríguez e o Concelleiro Candido Muiños Balea. Actuando a Secretaria Xeral do Concello D<sup>a</sup>. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4113.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Dáse conta da acta anterior de data 13 de xuño de 2015, o Pleno da Corporación, ao abeiro do establecido no artigo 91.1 11 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais acordou aprobala polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

4114.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN E COMPOSICIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS, COMPOÑENTES E VOCEIROS.- Pola Secretaria dáse conta dos escritos presentados polos distintos Grupos Políticos que forman a Corporación e en contestación ao escrito xirado pola Alcaldía con data 15 de xuño de 2015 para dar cumprimento ao establecido no artigo 24 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e que se detallan a seguir:

– Escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello con data 17 de xuño de 2015, número de entrada 3093 subscrito polos sete concelleiros/as integrantes do Bloque Nacionalista Galego (Luciano Sobral Fernández, Xulio Barreiro Lubián, Silvia Díaz Iglesias, Xosé L. Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro e Jose Angel Lodeiro Cancela). En dito escrito comunican a constitución do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e designan como Voceira do Grupo Municipal a D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias e voceiros suplentes ao resto dos concelleiros que integran o grupo político.

– Escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello con data 19 de xuño de 2015, número de entrada 3134 subscrito polos sete concelleiros/as integrantes do Partido Popular (Angel Moldes Martínez, Rocío Cochón Castro, Natividad Torres Balea, Juan Jose Rodríguez Grandal, Cándido Muiños Balea, Manuel

Domínguez Álvarez e Marcial García Freijeiro). En dito escrito comunican a constitución de Grupo Político do Partido Popular e nomean como Voceiro a D. Angel Moldes Martínez e como Vicevoceira a D<sup>a</sup>. Rocio Cochón Castro.

– Escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello con data 19 de xuño de 2015, número de entrada 3146 subscrito polos tres concelleiros/as integrantes do Partido Socialista (M<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez e Rosa Fernández González). En dito escrito comunican a constitución de Grupo Político con denominación Grupo Municipal Socialista-PSOE do Concello de Poio e designan como voceira a D<sup>a</sup>. Consuelo Besada Lores e como voceiro suplente a D. Gregorio L. Agís Gómez.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada dos escritos presentados e en virtude do disposto no artigo 24 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais quedan constituídos os tres grupos políticos, cos compoñentes e voceiros titulares e suplentes que se indican nos escrito presentados.

4115.- DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.- Dáse conta aos membros presentes da proposta da alcaldía de data 25 de xuño de 2015 de periodicidade das sesións ordinarias do Pleno da Corporación e que di textualmente: “De conformidade co disposto no artigo 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986 e artigo 4.a) do Regulamento Orgánico Municipal e vistas as propostas dos distintos Grupos Políticos, esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello que se celebren as sesións ordinarias do Pleno unha vez ao mes, coincidindo co último martes, excepto o do mes de agosto que non se propón pleno ordinario; propoñéndose que a hora sexa ás 19 horas e 30 minutos (7,30 da tarde); se coincidira en día festivo trasladarase ao día seguinte hábil á mesma hora; propoñéndose igualmente que as funcións de control que corresponden ao Pleno se realicen ao remate de cada Pleno no capítulo de Rogos, Preguntas e Interpelacións, conforme ao artigo 14 do Regulamento Orgánico Municipal.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou a proposta da alcaldía de data 25 de xuño de 2015 no seus propios termos adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar a celebración das sesións ordinarias do Pleno unha vez ao mes, coincidindo co último martes, excepto o do mes de agosto que non se propón pleno ordinario ás 19 horas e 30 minutos (7,30 da tarde); se coincidira en día festivo trasladarase ao día seguinte hábil á mesma hora;

**Segundo:** As funcións de control que corresponden ao Pleno realíranse ao remate de cada Pleno no capítulo de Rogos, Preguntas e Interpelacións, conforme ao artigo 14 do Regulamento Orgánico Municipal.

4116.- COMPOSICIÓN E PERIODICIDADE DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.- Dáse conta da proposta da alcaldía de data 29 de xuño de 2015 sobre aprobación creación comisións informativas permanentes, periodicidade sesións e composición e que di o que segue: “De conformidade co disposto no artigo 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal e as propostas dos Grupos Políticos, esta Alcaldía propón ao Pleno a aprobación da creación das seguintes comisións informativas coa seguinte periodicidade:

**Comisión Municipal de Urbanismo**.- realizaranse todos os martes de cada semana ás

oito horas (8,00 da mañá), agás o cuarto martes de cada mes no que celebrará sesión ás nove horas (09,00 da mañá).

**Comisión Municipal de Facenda, Gobernación e Contas.**- realizaranse o terceiro luns de cada mes, ás oito horas (8,00 da mañá).

**Comisión Municipal de Educación, Cultura e Deportes.**- realizaranse o segundo mércores de cada mes, ás oito horas (8,00 da mañá).

**Comisión de Seguimento do Plan Especial de Combarro e Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio.**- realizaranse as sesións o último martes de cada mes ás oito horas e quince minutos (08,15 da mañá).

Así mesmo segundo os escritos presentados polos distintos Grupos Municipais propónse a seguinte designación de membros por cada un dos grupos para formar parte das Comisións Informativas Permanentes:

Proposta do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes: Titulares: Silvia Díaz Iglesias, Lidia Salgueiro Piñeiro, Xosé A. Lodeiro Cancela, Margarita Caldas Moreira Suplentes: Xosé Luís Martínez Blanco, Xulio Barreiro Lubián. Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas: Titulares: Xulio Barreiro Lubián, Xosé Luis Martínez Blanco, Silvia Díaz Iglesias, Margarita Caldas Moreira Suplentes: Lidia Salgueiro Piñeiro, José A. Lodeiro Cancela. Comisión Informativa de Urbanismo: Titulares: Xulio Barreiro Lubián, Xosé Luis Martínez Blanco, Silvia Díaz Iglesias, Margarita Caldas Moreira Suplentes: Lidia Salgueiro Piñeiro, José A. Lodeiro Cancela. Comisión Informativa de Patrimonio: Titulares: Xulio Barreiro Lubián, Xosé Luis Martínez Blanco, Silvia Díaz Iglesias, Margarita Caldas Moreira Suplentes: Lidia Salgueiro Piñeiro, José A. Lodeiro Cancela.

Proposta do Grupo Municipal Socialista: Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes: Rosa Fernández González e Gregorio L. Agís Gómez. Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas: Consuelo Besada Lores e Gregorio L. Agís Gómez. Comisión Informativa de Patrimonio: Consuelo Besada Lores e Gregorio L. Agís Gómez. Comisión Informativa de Urbanismo: Consuelo Besada Lores e como Presidente: Gregorio L. Agís Gómez.

Proposta do Grupo Municipal do Partido Popular: Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas: Juan José Rodríguez Grandal, Natividad Torres Balea, Cándido Muíños Balea, Ángel Moldes Martínez. Comisión Informativa de Urbanismo: Rocío Cochón Castro, Ángel Moldes Martínez, Marcial García Freijeiro, Juan José Rodríguez Grandal. Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes: Ángel Moldes Martínez, Cándido Muíños Balea, Natividad Torres Balea, Manuel Domínguez Álvarez. Comisión de Seguimento de Plan Especial de Combarro e do Catálogo de Edificio e Conxuntos do Concello de Poio: Ángel Moldes Martínez, Rocío Cochón Castro, Manuel Domínguez Álvarez, Cándido Muíños Balea.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de 29 de xuño de 2015 de conformidade co disposto no artigo 38 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 e o disposto nos Regulamentos Municipais e vistas as propostas dos tres Grupos Políticos, esta Alcaldía propón a aprobación dos representantes propostos que formarán parte das distintas Comisións Informativas Permanentes.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou a proposta da alcaldía de data 25 de xuño de 2015 no seus propios termos adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar a creación das seguintes comisións informativas e periodicidade:

**Comisión Municipal de Urbanismo.**- realizaranse todos os martes de cada semana ás oito horas (8,00 da mañá), agás o cuarto martes de cada mes no que celebrará sesión ás nove horas (09,00 da mañá).

**Comisión Municipal de Facenda, Gobernación e Contas.**- realizaranse o terceiro luns de cada mes, ás oito horas (8,00 da mañá).

**Comisión Municipal de Educación, Cultura e Deportes.**- realizaranse o segundo mércores de cada mes, ás oito horas (8,00 da mañá).

**Comisión de Seguimento do Plan Especial de Combarro e Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio.**- realizaranse as sesións o último martes de cada mes ás oito horas e quince minutos (08,15 da mañá).

**Segundo:** Aprobar os representantes propostos que formarán parte das distintas Comisións Informativas Permanentes:

**Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes:** Titulares: Silvia Díaz Iglesias, Lidia Salgueiro Piñeiro, Xosé A. Lodeiro Cancela, Margarita Caldas Moreira Suplentes: Xosé Luís Martínez Blanco, Xulio Barreiro Lubián, Rosa Fernández González e Gregorio L. Agís Gómez, Ángel Moldes Martínez, Cándido Muíños Balea, Natividad Torres Balea, Manuel Domínguez Álvarez.

**Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas:** Titulares: Xulio Barreiro Lubián, Xosé Luis Martínez Blanco, Silvia Díaz Iglesias, Margarita Caldas Moreira Suplentes: Lidia Salgueiro Piñeiro, José A. Lodeiro Cancela, Consuelo Besada Lores e Gregorio L. Agís Gómez, Juan José Rodríguez Grandal, Natividad Torres Balea, Cándido Muíños Balea e Ángel Moldes Martínez.

**Comisión Informativa de Urbanismo:** Titulares: Xulio Barreiro Lubián, Xosé Luis Martínez Blanco, Silvia Díaz Iglesias, Margarita Caldas Moreira Suplentes: Lidia Salgueiro Piñeiro, José A. Lodeiro Cancela, Consuelo Besada Lores e como Presidente: Gregorio L. Agís Gómez, Rocío Cochón Castro, Ángel Moldes Martínez, Marcial García Freijeiro e Juan José Rodríguez Grandal.

**Comisión Informativa de Patrimonio:** Titulares: Xulio Barreiro Lubián, Xosé Luis Martínez Blanco, Silvia Díaz Iglesias, Margarita Caldas Moreira Suplentes: Lidia Salgueiro Piñeiro, José A. Lodeiro Cancela, Consuelo Besada Lores e Gregorio L. Agís Gómez, Ángel Moldes Martínez, Rocío Cochón Castro, Manuel Domínguez Álvarez e Cándido Muíños Balea.

4117.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.- Dáse conta á Corporación das seguintes propostas:

Proposta da Alcaldía de data 26 de xuño de 2015 de nomeamento de representantes na Mancomunidade Terras de Pontevedra e que di o seguinte: “De conformidade co disposto no artigo 38 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, propónse ao

Pleno o nomeamento como representantes titulares na Mancomunidade Terras de Pontevedra a D. Luciano Sobral Fernández e a D. Xosé Luis Martínez Blanco.”.

Proposta de data 29 de xuño de 2015 de nomeamento membros Mesa de Contratación: “Ao amparo do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e artigo 21 e ss do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos PROPONSE ao Pleno a composición da Mesa de Contratación cos seguintes membros titulares:

Presidente Sr. Alcalde ou concelleiro que o substitúa.

Vogais

Secretario Xeral

Interventora Municipal

Funcionario ou asesor/a especializado segundo a natureza do asunto a tratar.

Un Concelleiro de cada un dos Grupos Políticos, podendo substituílo calquera concelleiro do Grupo Político:

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, José A. Lodeiro Cancela.

Grupo Municipal do Partido Popular, D. Juan José Rodríguez Grandal.

Grupo Municipal do Partido Socialista Obrero Español-Partido Socialista de Galicia, D<sup>a</sup>. María Consuelo Besada Lores.

Secretaria: Xefa do Negociado de Contratación ou persoal que dependa do órgano de contratación.

Todos os membros da mesa terán voz e voto, a excepción do secretario e do/a funcionario/a ou asesor/a que soamente terán voz.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou as propostas anteditas no seus propios termos adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o nomeamento como representantes titulares na Mancomunidade Terras de Pontevedra a D. Luciano Sobral Fernández e a D. Xosé Luis Martínez Blanco.

**Segundo:** Aprobar a composición da Mesa de Contratación sendo a seguinte:

Presidente Sr. Alcalde ou concelleiro que o substitúa.

Vogais

Secretario Xeral

Interventora Municipal

Funcionario ou asesor/a especializado segundo a natureza do asunto a tratar.

Un Concelleiro de cada un dos Grupos Políticos, podendo substituílo calquera concelleiro do Grupo Político:

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, José A. Lodeiro Cancela.

Grupo Municipal do Partido Popular, D. Juan José Rodríguez Grandal.

Grupo Municipal do Partido Socialista Obrero Español-Partido Socialista de Galicia, D<sup>a</sup>. María Consuelo Besada Lores.

Secretaria: Xefa do Negociado de Contratación ou persoal que dependa do órgano de contratación.

Todos os membros da mesa terán voz e voto, a excepción do secretario e do/a funcionario/a ou asesor/a que soamente terán voz.

4118.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PRESIDENTES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E DELEGACIÓNS CONFERIDAS.- Dáse conta aos membros da Corporación das seguintes resolucións adoptadas pola Alcaldía en virtude das competencias atribuídas pola lexislación vixente:

Resolución de data 25 de xuño de 2015 de nomeamento de Tenentes de Alcalde, nomeamentos de membros da Xunta de Goberno Local e presidentes das Comisións Informativas Permanentes: “Constituída a nova corporación local con data 13 de xuño de 2015, considerando que debe garantirse un funcionamento axil da organización, pola presente e en virtude das facultades conferidas polos arts 21 e 23 da Lei 7/1985; 61, 62, 63 e 65 da Lei galega 5/1997 e 41, 43 a 47 e 52 do RD 2568/1986, RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como Tenentes de Alcalde aos seguintes Srs/as Concelleiros/as:

1ª Tte de Alcalde: Dª. María Consuelo Besada Lores

2º Tte de Alcalde: D. Xulio Barreiro Lubián.

3º Tte de Alcalde: D. Xose Luis Martínez Blanco

4º Tte de Alcalde: D. Gregorio Agís Gómez

5º Tte de Alcalde: Dª.Margarita Caldas Moreira

Segundo.- Nomear como membros da Xunta Municipal de Goberno aos devanditos Srs/as Concelleiros/as.

Terceiro.- A Xunta Municipal de Goberno celebrará sesión constitutiva nos 10 días seguintes ao desta resolución, segundo o art. 112 do RD 2568/1986, celebrando sesión ordinaria todos os luns ás trece horas e trinta minutos (13,30).

Cuarto.- Nomear como presidentes/as das Comisións Informativas Permanentes aos sre/as concelleiros/as que se relacionan de seguido:

Comisión Informativa de Urbanismo, D. Gregorio Agís Gómez

Comisión Informativa de Seguemento do Plan Especial do Conxunto Histórico-Artístico de Combarro e do Catálogo de Edificios e Conxuntos do concello de Poio, D. Xulio Barreiro Lubián.

Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deporte, Dª Silvia Díaz Iglesias.

Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Costas, D. Xulio Barreiro Lubián.

Quinto.- Dar conta desta resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre, dar traslado dela aos nomeados e publicala no BOP, sen prexuízo do seu carácter executivo desde o día seguinte ao do presente decreto, así como dar conta da mesma á Xunta Municipal de Goberno na sesión constitutiva desta para a súa aceptación e cumprimento.”.

Resolución da Alcaldía de data 29 de xuño de 2015 de delegacións conferidas: “Sendo intención desta Alcaldía garantir un funcionamento áxil do día a día desta entidade, mellorando a capacidade de resposta e a satisfacción das necesidades dos nosos veciños/as, pola presente, en virtude das facultades conferidas polos arts 21 e 23 da Lei 7/1985; 61da Lei galega 5/1997 e 41 e 43 do RD 2568/1986 e de conformidade co réxime previsto nos arts 114 e seguintes do RD 2568/1986, RESOLVO

Primeiro.- Efectuar unha delegación das competencias que corresponden a esta Alcaldía segundo a lexislación sobre réxime local e sectorial aplicable que non se atopen dentro das igualmente delegadas á Xunta de Goberno Local con esta mesma data, nas seguintes materias ou servizos e concelleiros/as:

Obras, servizos, pesca e marisqueo, Dª María Consuelo Besada Lores.

Economía, facenda e patrimonio, D. Xulio Barreiro Lubián.

Turismo, persoal, Seguridade Cidadán e Mobilidade, D. Xosé Luis Martínez Blanco.  
Urbanismo e Promoción Económica, D. Gregorio Agís Gómez.  
Deportes, D<sup>a</sup> Margarita Caldas Moreira.  
Benestar Social, Igualdade e Mocidade, D<sup>a</sup> Rosa González Fernández.  
Educación e Saúde e Festexos, Lidia Salgueiro Piñeiro.  
Cultura, Silvia Díaz Iglesias.  
Medio Ambiente, Sanidade e Mercados, D. José A. Lodeiro Cancela  
Conxunto histórico-artístico de Combarro, D. Xulio Barreiro Lubián.

Segundo.- As delegacións xenéricas e especiais conferidas axustaranse por materias á definición que das competencias e servizos locais efectúe en cada momento a lexislación sobre réxime local e sectorial aplicable e comprenden as seguintes facultades para as materias ou asignadas a cada un/ha deles/as:

O exercicio das facultades xenéricas de dirección e xestión así como a de dictar actos de trámite que afecten a terceiros como consecuencia da tramitación da fase de instrución de procedementos sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.

A instrución e proposta de resolución ou acordo de expedientes sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.

A sinatura dos documentos vinculados á tramitación da fase de instrución de expedientes sancionadores e de reposición da legalidade urbanística, e propostas de resolución ou acordo dos expedientes que se tramiten en cada unha das áreas obxecto de delegación.

Terceiro.- O Alcalde conserva as seguintes facultades en relación coa competencia delegada:

Recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións emanados a consecuencia da delegación.

Ser informada previamente da adopción de decisións de transcendencia.

A posibilidade de avocación, en calquera momento e de conformidade coa lexislación vixente, da competencia delegada.

Cuarto.- Desta resolución darase conta na primeira sesión do Pleno que se celebre, notificarase aos nomeados e procederase á súa publicación no BOP, sen prexuízo do seu carácter executivo desde o día seguinte ó do presente decreto. Lémbrese aos Srs/as Concelleiros/as delegados que a delegación deberá ser aceptada por estes e transcorridos 3 días hábiles desde o seguinte ao da súa notificación entenderanse tacitamente aceptadas se non manifestaran o contrario de xeito expreso diante desta Alcaldía.

Quinto.- Dar traslado da presente Resolución na primeira sesión que celebre.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada das resolucións ditadas polo Sr. Alcalde en virtude das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

4119.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS DOS MEMBROS CORPORATIVOS. RÉXIME DE ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E ASIGNACIÓN A GRUPOS POLÍTICOS.- Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 25 de xuño de 2015 en relación á determinación das dedicacións exclusivas e parciais dos membros da Corporación así como o réxime das indemnizacións por asistencias e asignación a grupos políticos e que di textualmente: “Con relación a determinación das dedicacións exclusivas e parciais dos membros da Corporación así como o réxime das indemnizacións por asistencias e asignación a grupos políticos, co fin de que se procedan a

aprobar no Pleno extraordinario a celebrar, se PROPÓN o seguinte:

**Primeiro:** se propón a aprobación das seguintes adicacións exclusivas e parciais:

a) Sr. Alcalde: Luciano Sobral Fernández: dedicación exclusiva: retribución bruta anual de 30.925,86€ (dividida en 14 pagas: 12 ordinarias e 2 extraordinarias de igual contía) dándolle de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social.

Ademais se propón aprobar o carácter retroactivo da proposta de Alcaldía de data 9 de xuño na que se propoñía aprobar a dedicación exclusiva do Alcalde con data 13 de xuño cunhas retribucións brutas anuais de 30.925,86€

b) Sra. Tenente de Alcalde: Consuelo Besada Lores: dedicación exclusiva: retribución bruta anual de 30.925,58€ (dividida en 14 pagas: 12 ordinarias e 2 extraordinarias de igual contía) dándolle de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social o día de celebración da sesión plenaria, o 29 de xuño de 2015.

c) Sr. concelleiro delegado de Medio Ambiente, Sanidade e Mercados, José Ángel Lodeiro Cancela, dedicación parcial: retribución bruta anual de 12.195,54€ (dividida en 14 pagas: 12 ordinarias e 2 extraordinarias de igual contía) dándolle de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social o día de celebración da sesión plenaria, o 29 de xuño de 2015.

d) Sra. concelleira delegada de Educación, Saúde e Festexos, Lidia Salgueiro Piñeiro, dedicación parcial: retribución bruta anual de 12.195,54€ (dividida en 14 pagas: 12 ordinarias e 2 extraordinarias de igual contía) dándolle de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social o día de celebración da sesión plenaria, o 29 de xuño de 2015.

e) Sra. concelleira delegada de Benestar, Muller e Xuventude, Rosa Fernández González, dedicación parcial: retribución bruta anual de 12.195,54€ (dividida en 14 pagas: 12 ordinarias e 2 extraordinarias de igual contía) dándolle de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social o día de celebración da sesión plenaria, o 29 de xuño de 2015.

**Segundo:** en virtude do exposto no artigo 75.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que establece que os membros das Corporacións locais poderán percibir indemnizacións na contía que acorde o Pleno da Corporación, e que o artigo 13.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 novembro, prevé a facultade dos membros das Corporacións de percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos organismos colexiados de que formen parte, na contía que se sinale o Pleno desta tendo sempre en conta a incompatibilidade existente entre a percepción destas indemnizacións e o feito de posuír unha dedicación exclusiva ou parcial.

Así, en canto as indemnizacións por asistencias a Xunta de Goberno Local, Comisións informativas e Pleno se manteñen as contías previstas na base 54ª de execución do Orzamento do exercicio 2015:

A) Por cada asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local:

- Vocais: 76 euros/sesión.

Indemnizarase, como máximo, cincuenta e dúas sesións ó ano

Por cada asistencia a sesións de Comisións informativas.

- Presidente: 60,80 Euros/sesión

- Vocais: 38 Euros/sesión

Indemnizarase, como máximo, doce sesións ó ano, agás á Comisión de Urbanismo que se indemnizarán cincuenta e dúas sesións ó ano, como máximo.

C) Por asistencia a sesión do Pleno

- Delegados : 152 Euros/sesión.

- Resto de concelleiros: 76 Euros/sesión.

Indemnizarase, como máximo, doce sesións anuais.

**Terceiro:** en canto as asignacións a grupos políticos se manteñen tamén as contías



previstas na base 54ª de execución do Orzamento do exercicio 2015 que ascenden a 152€/mes para cada grupo político mais a adicional de 152€ mensuais por cada concelleiro do grupo.”.

Consta no expediente informe emitido pola Interventora Municipal con data 25 de xuño de 2015.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP aprobou a proposta da alcaldía subscripta adoptándose seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar as seguintes dedicacións exclusivas e parciais:

a) Luciano Sobral Fernández, Alcalde dedicación exclusiva: retribución bruta anual de 30.925,86€ (dividida en 14 pagas: 12 ordinarias e 2 extraordinarias de igual contía) dándolle de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social con carácter retroactivo segundo a proposta de Alcaldía de data 9 de xuño na que se propoñía aprobar a dedicación exclusiva do Alcalde con data 13 de xuño cunhas retribucións brutas anuais de 30.925,86€

b) Sra. Tenente de Alcalde: Consuelo Besada Lores: dedicación exclusiva: retribución bruta anual de 30.925,58€ (dividida en 14 pagas: 12 ordinarias e 2 extraordinarias de igual contía) dándolle de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social o día de celebración da sesión plenaria, o 29 de xuño de 2015.

c) Sr. concelleiro delegado de Medio Ambiente, Sanidade e Mercados, José Ángel Lodeiro Cancela, dedicación parcial: retribución bruta anual de 12.195,54€ (dividida en 14 pagas: 12 ordinarias e 2 extraordinarias de igual contía) dándolle de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social o día de celebración da sesión plenaria, o 29 de xuño de 2015.

d) Sra. concelleira delegada de Educación, Saúde e Festexos, Lidia Salgueiro Piñeiro, dedicación parcial: retribución bruta anual de 12.195,54€ (dividida en 14 pagas: 12 ordinarias e 2 extraordinarias de igual contía) dándolle de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social o día de celebración da sesión plenaria, o 29 de xuño de 2015.

e) Sra. concelleira delegada de Benestar, Muller e Xuventude, Rosa Fernández González, dedicación parcial: retribución bruta anual de 12.195,54€ (dividida en 14 pagas: 12 ordinarias e 2 extraordinarias de igual contía) dándolle de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social o día de celebración da sesión plenaria, o 29 de xuño de 2015.

**Segundo:** Aprobar as indemnizacións por asistencias a Xunta de Goberno Local, Comisións informativas e Pleno, manténdose as contías previstas na base 54ª de execución do Orzamento do exercicio 2015:

A) Por cada asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local:

- Vocais: 76 euros/sesión.

Indemnizarase, como máximo, cincuenta e dúas sesións ó ano

Por cada asistencia a sesións de Comisións informativas.

- Presidente: 60,80 Euros/sesión

- Vocais: 38 Euros/sesión

Indemnizarase, como máximo, doce sesións ó ano, agás á Comisión de Urbanismo que se indemnizarán cincuenta e dúas sesións ó ano, como máximo.

C) Por asistencia a sesión do Pleno

- Delegados : 152 Euros/sesión.

- Resto de concelleiros: 76 Euros/sesión.

Indemnizarase, como máximo, doce sesións anuais.

**Terceiro:** Manter as contías a grupos políticos previstas na base 54ª de execución do Orzamento do exercicio 2015 que ascenden a 152€/mes para cada grupo político mais a

adicional de 152€ mensuais por cada concelleiro do grupo.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás dezanove horas e cincuenta e nove minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.